



CIRCULAR DE FIN DE CURSO 2017/2018

Estimadas familias:

1. **REMATE DAS ACTIVIDADES LECTIVAS.** Segundo establece a Orde de 12 de xuño de 2017 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2017/2018, as actividades lectivas abranguen ata o día 21 de xuño inclusive.
2. **ENTREGA DE BOLETÍNS.** Entregaranse o último día de clase, o 21 de xuño. Tamén poden consultalas a través da aplicación ABALARMÓBIL.
3. **LIBROS DE TEXTO.** Poden consultar o listado de libros de texto para o curso 18/19 na páxina web do centro. Así mesmo os alumnos levarán o último día de clase, xunto co boletín de notas, o listado destes.
4. **FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR.**
 - **Devolucións.** As familias de alumnos de 3º a 6º de educación primaria beneficiarias do fondo solidario de libros de texto no curso 2017/18 deben devolvelos, no caso de non habelo feito xa, ao titor/a o día 22 de xuño de 10:00 a 12:00h. É necesario que estean en bo estado de conservación para que poidan ser reutilizados. A falta de devolución dos libros de texto, sexan do curso inmediato anterior ou de calquera outro, será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2018/19.
 - **Listaxes provisionais e definitivas de fondo libros para o curso 18/19.** Publicaranse na páxina web e no taboleiro de anuncios do centro:
 - Listaxes provisionais. O día 27 de Xuño.
 - Reclamacións ás listaxes provisionais: días 28 e 29 de xuño na secretaría do centro, de 10 a 14 horas.
 - Listaxes definitivas. O día 3 de Xullo.
 - **Entrega de libros do fondo solidario de alumnos aos pais/nais/titores dos alumnos de 3º a 6º de EP:** Serán entregados polos titores o día 7 de setembro de 2018 de 10 a 14h nas súas aulas.
 - **Entrega de vales de material escolar (alumnado de 1º a 6º de EP) e libros de texto (1º e 2º de EP)** Do día 9 ao 13 de xullo ambos incluídos na secretaría do centro, de 9 a 14h.
5. **ENTREGA DE HISTORIAIS ACADÉMICOS ÁS FAMILIAS DO ALUMNADO DE 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.** Entregaranse na secretaría do centro os días 28 e 29 de xuño. Serán recollidos polo pai/nai/titor dos alumnos na secretaría do centro de 10 a 14h.
6. **INICIO DO CURSO 2018/19.**

O curso dará comezo o mércores día 12, segundo a Orde de 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/19.
7. **CAMBIO DE OPCIÓN RELIXIÓN-VALORES (atención educativa no caso de E. infantil).** Recordamos ás familias que durante a primeira semana do curso, no mes de setembro poden solicitar o cambio de opción. Para favorecer a organización do centro agradecemos que o fagan do 18 ao 21 de xuño na secretaría do centro.
8. **CAMBIO OPCIÓN INGLÉS- FRANCÉS.** O alumnado que desexe facer cambio de opción debe solicitalo na secretaría do centro do 18 ao 21 de xuño. Cómpre facer unha proba de nivel na primeira semana do curso.

Un saúdo

A dirección